

CASA DOS ESPELLOS

Revista poliédrica da cultura galega · nº2 · 2019

CASA DOS ESPELLOS

Revista poliédrica da cultura galega

EDITA



Betanzos
ISSN 2603-9583

COORDINA

Ángel Arcay Barral

Daniel Lucas Teijeiro Mosquera

COLABORACIONS

Ángel Arcay Barral

Adrián Brandariz López

Laura Camino Plaza

Sara Fraga Pérez

Adrián Feijoo Sánchez

Catuxa Gómez Teijo

Juan Antonio Rodríguez Arnao

Jose A. Souto Santé

Daniel Lucas Teijeiro Mosquera

COMITE CIENTIFICO

Pilar Cagiao Vila (Universidade de Santiago de Compostela))

Carlota González Míguez (Asociación de Amigos del Parque del Pasatiempo)

David Martín López (U. Granada)

Ernesto Vázquez-Rey (U. da Coruña)

José Manuel Rey Bao (IES Francisco Aguiar)

Julián Ferrer García (IES Francisco Aguiar)

Patrizia Granziera Ceotto (Universidad Autónoma del Estado de Morelos)

Paz Moreno Felú (Universidad Nacional de Educación a Distancia)

Uxía Cagiao Teijo (IES Francisco Aguiar)

Xosé Luís Mosquera Camba (IES Francisco Aguiar)

COMITE TECNICO

Lucía Díaz Vilariño

Yosune Duo Suárez

Noelia Fraga Pérez

Diana Sobrado

DESEÑO E ILUSTRACIONS

Yosune Duo Suárez

(Ilustración de portada baseada en Camilo Díaz Baliño, ilustración do templete do Parque do Pasatiempo baseada nunha imaxe de Jose Souto Santé)

Diana Sobrado

Jose Souto San

Mar Vieites

(A partir dunha imaxe de Jose Souto santé: escudo de Betanzos da seguinte páxina tomado do cartel das festas de Betanzos do 1934 obra de Camilo Díaz Baliño e filigrana do índice sacada dos mosaicos de azulexos da Casa dos Espellos)

PERIODICIDADE CALL FOR PAPERS

Casa dos Espellos é unha revista anual que recibe os seus artigos antes do 31 de outubro

CONTACTO




casadosespellos.gal



facebook.com/casadosespellos/



casadosespellos@gmail.com



[A outra metade do Pasatempo: Reconstrución gráfica do recinto inferior.
Hipótese da recuperación da casaña dos espellos](#)

pax 8-15

Ricardo Varela Fernández

[Estatua de Mercurio do Parque do Pasatempo: Unha postal de Pedro Ferrer](#)

pax 16-23

Laura Camino Plaza

[Materiais empregados na construción do Pasatempo](#)

pax 24-51

Jose A. Souto Santé

[Placas en honor de los Hermanos García Naveira y sus obras](#)

pax 52-67

Juan Antonio Rodríguez Arnao

[Xardíns temáticos ou arte interactiva? O Parco Museo Jalari e o Parque do Pasatempo](#)

pax 68-87

Sara Fraga Pérez

[A arte no Pasatempo de Betanzos \(II\):](#)

[Entre as súas pezas e os catálogos franceses de fundición artística](#)

pax 88-115

Daniel Lucas Teijeiro Mosquera

[Tradición e modernismo en Sada.](#)

[Visual do patrimonio arquitectónico local conservado na actualidade](#)

pax 116-131

Adrián Brandariz López

[Laboratorio de formas: O Parque do Pasatempo no arquivo persoal de Isaac Díaz Pardo](#)

pax 132-151

Ángel Arcay Barral

[Fontes documentais arredor dos García Naveira \(II\):](#)

[A chegada da estrada ao Parque do Pasatempo](#)

pax 152-181

Ángel Arcay Barral e Daniel Lucas Teijeiro Mosquera

[A emigración no cine de Chano Piñeiro: Mamasunción \(1985\) e Sempre Xonxa \(1989\)](#)

pax 182-203


Adrián Feijoo Sánchez




[O Parque do Pasatempo como recurso educativo: Unha proposta interdisciplinar](#)

pax 204-215

Catuxa Gómez Teijo







¿JARDÍNS TEMÁTICOS
OU ARTE INTERACTIVA?



O PARCO MUSEO JALARI
E O
PARQUE DO PASATEMPO



Sara Fraga Pérez

Historiadora

Ilustracións: Mar Vieites

Resumo

Neste artigo procederemos á comparación do Parque do Pasatempo de Betanzos (Galicia, España), co Parco Museo Jalari de Barcellona Pozzo di Gotto (Sicilia, Italia). Aínda que a natureza de cada un é distinta, os dous pretenden transportarnos, guiarnos por unha viaxe que vai máis alá dos muros destes xardíns. Así, o destino de cada viaxe volve a marcar a diferenza entre as dúas obras: o betanceiro pretende levarnos a un “país de Oriente”, mentres que o barcellonés é unha viaxe de emocións, de sentimentos e de descubrimento tanto persoal coma etnográfico.

Palabras chave: viaxe, parque, arte, interactuar, visitante.

Summary

In this article we are going to compare two parks: the Pasatempo Park, from Betanzos (Galicia, Spain) and the Jalari Museum Park, from Barcellona Pozzo di Gotto (Sicily, Italy). Even though the nature of the two parks is different, both try to take us to a trip which goes beyond the walls of these gardens. Thus, the destiny of each trip marks the difference between the two works: the one from Betanzos tries to take us to a “Country of the East”, while the one from Barcellona is a journey of emotions, feelings and discovery, both personal and ethnographic.

Key words: Travel, park, art, interact, visitor.

1.Introdución

Nas páxinas seguintes poñeremos en relación dous parques que están en proceso de recoñecemento e cuxo valor histórico e artístico debe ser posto en valor. O Parco Museo Jalari, no norte de Sicilia, queda en moitas ocasións á sombra do gran patrimonio desta illa. Por outra banda, a dificultade da posta en valor do Parque do Pasatempo radica na tortuosa historia e xestión que viviu esta obra dende a morte de Don Juan García Naveira, o seu fundador.

En primeiro lugar debemos reparar nos autores, na súa biografía, na súa visión da vida, ademais de en como se relacionaban coa sociedade. Seguidamente, relacionarase todo o anterior coa opinión que tiñan

acerca da arte e da cultura e repararase nos factores que as fan ser diferentes. Debemos confrontar aqueles aspectos cos máis tanxibles dos parques, coma os materiais, a extensión ou o tipo de xestión, aínda que a dimensión verdadeiramente interesante é a artística.

A vida de cada un dos creadores, xunto coa súa idea do mundo e da arte veranse reflectidas na construción de cada un dos parques. Aínda que o Jalari e o Pasatempo son diferentes artisticamente, aseméllanse na intención, pois son obras de arte que buscan interactuar co visitante; están construídas nun formato de xardín temático que pretende embarcar ó turista nunha experiencia cognitiva e educativa.



A información que nestas páxinas se recolle procede, no caso do Pasatempo, dos estudos que se realizaron sobre él ó longo dos anos, mentres que no caso do Jalari foi necesario recorrer a fontes orais de aquelas persoas máis achegadas ó autor. Neste último caso debese a que o parque siciliano é moito máis recente e a información sobre o mesmo non está aínda plasmada por escrito; por este motivo, as conclusións que se aportan nestas páxinas sobre o Jalari son resultado do estudo e visita ó parque. Deste xeito, intentaremos contribuír ó estudo e á posta en valor desta última obra artística. Ó final do artigo aportase un anexo coa relación de esculturas e vías de cada un dos parques, que se debe de poñer en relación co mapa correspondente. Irase facendo referencia a ambos materiais ó longo destas páxinas.

2. Os creadores: Don Juan García Naveira e o Dr. Mariano Pietrini

Sendo fillo de labradores, no 1849 nace Juan María García Naveira, quen ós 20 anos emigra a Arxentina, onde amasa unha gran fortuna, e volve a Betanzos en 1893, realizando alí unha gran labor filantrópica. Algunhas das obras que levou a cabo foron en conxunto co seu irmán e outras en solitario, destacando entre estas últimas o Parque do Pasatempo (CABANO IGLESIAS, PATO VÁZQUEZ E OUTROS, 1986: 97). No parque fará moitas referencias ó país e á cidade que lle deu a fortuna a través do comercio, sendo representado este último tamén en numerosas estatuas¹. Unha das referencias está nos elementos decorativos do medallón da estatua dos irmáns García Naveira, actualmente na praza do mesmo nome na cidade de Betanzos (fig. 1.). Outra era a estatua do Comercio, na parte hoxe desaparecida do parque (fig. 2).



(Fig.2) *Estatua do Comercio*. <http://parquepasatiempo.blogspot.com/>



(Fig.1) *Medallón co caduceo de Comercio.*
<http://parquepasatiempo.blogspot.com/>

Case cen anos despois, no 1945 nace Mariano Pietrini en Barcellona P. G., quen ó contrario que o indiano betanceiro si que acadou unha formación superior pola Universidade de Messina, precisamente naquilo do que traballou don Juan: economía e comercio. Será determinante para a súa obra que medrase nun dos barrios máis antigos de Barcellona Pozo di Gotto, en contacto coas tendas de artesanía tradicionais, o cal plasmará na súa obra (PIETRINI, 2018).

Tanto don Juan como Mariano son artistas autodidactas; a obra do siciliano, pola súa parte, está fundamentada na elaboración dun pensamento que posteriormente se transfere á arte mediante técnicas que exploran a tecnoloxía do momento (TORRE, 2017). A única diferenza con respecto a ó indiano betanceiro neste aspecto é que

non son as mans do filántropo as que executan a obra, senón que entre 150 e 200 obreiros traballaron realizando os pedidos de Don Juan, que despois un fontaneiro e un capataz supervisarían á hora de ser colocada (TEJEIRO MOSQUERA, 2018: 65).

Segundo os entrevistados, Mariano Pietrini destaca pola súa mentalidade positiva, por ver algo bo sempre na xente (PIETRINI, 2018), unha bondade que tamén se pode cano cos seus concidadáns e tamén pola celebración de festas e feiras (MARIÑO ESPIÑEIRA, 2003: 411).

O artista siciliano, mostrou a súa obra en numerosas exposicións durante a súa vida², así como tamén deixou o seu pensamento por escrito, sempre co seu reflexo artístico esculpido en pedra. Por outra banda, para coñecer a Don Juan, por non deixar testemuño en primeira persoa, debemos levar a cabo un estudo puramente histórico-artístico, facendo un vaciado documental e interpretando as obras que levou a cabo e das que foi mecenas.

3. Materiais, terreos e xestión

O Parco Museo Jalari consta de 35 hectáreas de terreo a 600m sobre o nivel do mar. As esculturas están realizadas con pedras

¹ Neste caso as estatuas que facían referencia ao comercio xa non se atopan no parque.

² Disponibles en: <http://www.marianopietrini.it/su-di-me/>



Xardíns temáticos ou arte interactiva? O Parco Museo Jalari e o Parque do Pasatempo | Sara Fraga Pérez

locais, na súa maioría silicio, a cal lle da o nome ó parque: “Jalari”; esta palabra autóctona significa “pedra que brilla”, cousa que debemos relacionar co nome que se lle deu en numerosas ocasións a Pietrini, “o artista da luz”. Por tanto, a elección dos materiais de construción non é casual (EPROJECTCONSULT, n.d.).

O punto de partida do Parque Jalari foi un terreo que tiña a muller de Mariano no alto dunha montaña, sen auga nin accesos por carretera, pero cunhas vistas privilexiadas (véxase Fig. 3); para ampliar a superficie foron adquirindo máis terreos (o prezo nesta área era baixo polos poucos servizos que ofrecía). O primeiro edificio do parque realizouse levando auga da cidade de Barcelona, ata que se atopou auga na propiedade, creándose ate 60 pozos (PIETRINI, 2018).

Os primeiros visitantes do parque eran achegados de Mariano Pietrini, polo que non se cobraba entrada, pero cando se foron mellorando tanto os accesos coma os servizos do parque, os costes de mantemento aumentaron, e con isto tamén o fixeron as visitas, comezándose a cobrar entrada para sufragar estes gastos (CRISTELLI, 2018). Sen embargo, o Pasatempo, aínda que xurdiu para uso público, cobrou entrada dende a súa apertura, pois estes ingresos utilizábanse para manter o asilo (MARIÑO ESPÍÑEIRA, 1999: 451).

Como ben relatan Arcay Barral e Teijeiro Mosquera (2018), o Parque do O Pasatempo, tamén se construíu a través dun proceso de compra de parcelas veciñais nun lugar onde o prezo das mesmas era baixo.



(Fig.3) *Escultura con vistas do Parco Museo Jalari* Fotografía de Olalla Tellería.



(Fig. 4) *Estanque da Gruta*. <http://parquepasatiempo.blogspot.com/>



(Figs. 5) *Estanque do Retiro*. <http://parquepasatiempo.blogspot.com/>



A diferenza virá marcada polos materiais empregados, pois non son locais³: está realizado en mármore de Carrara, cemento Portland, madeira, xunto con buxos (TEIJEIRO MOSQUERA, 2018: 57). Neste sentido, debemos facer tamén fincapé no feito de que o Jalari sexa considerado “A Pirámide de Luz de Luz” (TORRE, 2017), sobre todo pola pedra usada, pois o Pasatempo tamén ten partes que destacan pola luz que reflicten; é o caso do nácar das cunchas usadas no estanque da gruta e no estanque do retiro (figs. 4 e 5) (REY CABEZUDO E CANEDO BARRERO, 2016: 597).

Respecto á construción dos parques, debemos facer unha última comparación, pois ambos foron construídos en ladeiras, sendo o Pasatempo modificado para crear as famosas terrazas, mentres que no caso do Jalari se usou o terreo tal e como era (figs. 6 e 7).

4. Unha visita: unha viaxe

“A UD. QUE LE GUSTA VIAJAR Y QUE TIENE CONOCIMIENTOS Y UNA EDUCACIÓN QUE SE SEPARA ELEVÁNDOSE DE LA DE LAS CLASES ELEVADAS EN ESPAÑA SACARÍA GRAN PROVECHO Y GUSTO VISITANDO TODO ESTE PAÍS DE ORIENTE”

Esta é a frase fundacional do Parque do Pasatempo, onde se resume a intención deste

gran xardín cuxa construción se prolongou dende o ano 1893 ata o 1915 (aínda que con modificacións ata a a morte do autor en 1933). Nesta parte do artigo compararemos ambos parques dende unha dimensión máis artística e intentaremos afondar nas intencións dos fundadores.

No Pasatempo solo poderemos falar da parte que se conserva a día de hoxe, afortunadamente a máis parecida ó Parco Museo Jalari. Tejeiro Mosquera (2018: 57) afirma que o Pasatempo contén un repertorio temático cristiá, mitolóxico, histórico, moral, tecnolóxico e natural en distintas artes, definición que se podería aplicar a calquera dos dous parques a comparar.

O momento histórico no que debemos encadrar a creación do Parque do Pasatempo é na última década do século XIX, no que se realizaron numerosas exposicións universais, pois o mundo estaba a cambiar tan rápido que ensinar á xente o novo xeito de vivir era unha necesidade, e desta necesidade naceu a chamada “Horta de Don Juan”. A terminoloxía expositiva de D. Juan está enormemente influenciada polas Exposicións Universais finiseculares, sintetizando nun xardín a función integradora dos grandes recintos que, por tempo limitado, albergaban as exposicións. Así, o

³Véxase: *Sculture e fontane*, en: <http://www.parcojalari.com/sculture-e-fontane/>



(Fig. 6) *Mapa Jalari debuxado*. <http://www.parcojalari.com/>



(Fig. 7) *Mapa do Pasatiempo debuxado*. Yosune Duo. <http://parquepasatiempo.blogspot.com/>



Xardíns temáticos ou arte interactiva? O Parco Museo Jalari e o Parque do Pasatempo | Sara Fraga Pérez

Pasatempo asume a capacidade expositiva do Xardín Temático.

O Pasatempo foi un xeito totalmente novo de utilizar un xardín, que colle das Exposicións Universais o dinamismo visual, buscando levar a cabo unha difusión do saber e unha renovación constante do coñecemento humano (MARIÑO ESPÍNEIRA, 1999: 446 - 447).

Dun matemático con corazón filosófico e artístico naceu a idea do parque siciliano. Mariano creu na peculiaridade deste terreo, pois a altura á que se atopa proporcionalle unhas vistas privilexiadas. Ó contrario que os García Naveira, non posuía unha fortuna, polo que precisou da axuda da familia do seu irmán Salvatore e da súa irmá, a quenes convenceu para unirse á aventura afirmando que o parque lles daría traballo ás dúas familias -aínda que finalmente non foi así- (PIETRINI, 2018).

O Parco Museo Jalari podería dividirse en dúas partes: a escultórica, feita por él mesmo, e a museolóxica. A parte escultórica foi collendo forma ó longo do tempo, pois nun primeiro momento o parque era un espazo acumulativo das obras de Pietrini (CRISTELLI, 2018). A parte museolóxica consta de pequenos edificios feitos e deseñados por Salvatore, irmán de Mariano, quen posteriormente introducía os obxectos. Actualmente a estas edificacións chámaselles “botteghe” e son coma pequenos museos de cada pro-

fesión. No seu interior atópanse un total de máis de 15.000 hachádegos, colocados por expertos en cada un dos talleres recreados, intentando simular o espazo onde traballaban homes e mulleres ata non fai moito tempo (EPROJECTCONSULT, n.d.). Entre eles atopamos a “botteghe” do xastre, o ferreiro, o albanel, o carpinteiro, o barbeiro, o zapateiro, o campesiño, o afiadador, a tecedora (fig. 8 e 9) etc. A súa creación foi singular e pasou por diferentes fases:

Nos anos 80, a xente que quería desfacerse de obxectos antigos que conservaban na casa chamaban a Mariano, que foi acumulándoos no seu propio fogar. Unha vez no parque, Salvatore creaba estes edificios, ós que despois Mariano lles daba sentido e que remataron por ser unha especie de tendas dos artesáns tradicionais sicilianos, con especial cariño pola que se corresponde coa creación de perfume, ó que se dedicaban na súa familia. Actualmente son patrimonio etnográfico (EPROJECTCONSULT, n.d.).

En ambas obras podemos ver o amor pola súa terra, no caso do Jalari por Sicilia e sobre todo á súa xente, tanto actual como pasada. Esta illa sufriu ó longo do tempo numerosas colonizacións, deixando gran pegada a grega, á que se fai referencia na praza dos deuses desta orixe (fig. 10)⁴. O pasado Siciliano tamén pode verse na arquitectura do parque, pois Salvatore Pietrini xoga cas formas, creando un estilo único que alude ós



(Fig.8) *Botteghe do xastre*. Fotografía de Olalla Telle-



(Fig.9) *Botteghe da tecedora*. Olalla Tellería.

gregos no uso das columnas, ós árabes polo uso de cúpulas, os normandos pódense ver polas amenas dos castelos e no caso das invasións borbónicas, faise referencia a elas nos deseños austeiros e señoriais, moi usados nas súas vilas. No caso do Pasatempo, atopamos referencias maioritariamente á terra que a Don Juan lle deu a fortuna antes de instalarse definitivamente en Betanzos en 1893⁵ (TEIJEIRO MOSQUERA, 2018: 55).

No parque de Betanzos o tempo transcorre na dirección que se queira, de feito o xeito no que o creador cre que é óptimo que se invirta o tempo da visita vese reflexado no nome do recinto (MARIÑO ESPÍÑEIRA, 1999: 453). Neste sentido, a intención do Jalari é similar, pois Mariano e Salvatore deseñáronno pensando en que o visitante puidese volver e sentise ese lugar como seu (PIETRINI, 2018).

⁴ Véxase “Piazza Olimpo degli dei” no anexo e letra “G” no mapa correspondente.

⁵ Véxanse no anexo relativo ó Parque do Pasatempo os números 2 e 30.



(Fig.10) *Fonte dos deuses da Praza do Olimpo dos Deuses*. Olalla Tellería.

A experiencia que se pretendía que tivese o visitante foi mudando mentres se foi construíndo o parque, reflexándose tamén a evolución de Mariano e Salvatore como artistas -cousa que tamén sucede con Don Juan no Pasatempo, onde podemos ver a evolución e o paso do horror vacui a unha maior simplicidade. Nos inicios do Parco Jalari, quenes visitaban o parque eran os amigos da familia, reparando especialmente nos pequenos museos, pero pouco a pouco, esta visita foi se completando ca parte artística do parque. Esta parte buscaba interactuar co visitante: nun momento, invitase ó visitante a que escolla unha pedra e se tumbe nela para sentir

o contacto coa mesma. O visitante tamén participa cando se meten dentro dunha pedra redonda e oca por dentro, cuxa función é xogar co eco (fig. 11). Búscase tamén que o visitante faga seu o parque, que se sinta a gusto e na casa e que o visite frecuentemente.

O Pasatempo é unha tentativa dunha época febril por atopar novos xeitos de expresar a chegada dunha civilización complexa (MARIÑO ESPIÑEIRA, 1999: 454 - 455), mentres que o Jalari é un produto desta mesma civilización. No parque siciliano invitase a facer unha pausa e valorar aquelas



(Fig.11) *Pedra esférica Jalari*. Olalla Tellería.



cousas menos materiais e máis filosóficas: o amor, a reflexión, os valores... as cales lles dan nome ás avenidas do parque. Así, preténdese que o visitante faga unha viaxe introspectiva a través das cousas inmateriais da vida, para rematar coa máis intanxible: os soños (véxase o mapa do anexo).

5. Conclusión

Don Juan, no parque do Pasatempo quixo acercar, dun xeito didáctico e divertido, a cultura a unha sociedade en gran parte analfabeta⁶, tratando de ensinar aqueles lugares que descoñecían e aqueles inventos que eles puideron coñecer pero que lamentablemente tardarían moito en chegar a Galicia.

Pola súa contra, Mariano Pietrini é un artista contemporáneo, que busca, nunha sociedade coma a actual, no que ritmo de vida se acelera cada vez máis, que o visitante faga unha viaxe interna, que repare en si mesmo e no valor da cultura e o patrimonio que o rodea.

Mentres que o patrimonio que nos ensinan os irmáns García Naveira é o patrimonio construído da humanidade: A torre de Pisa, a fonte das catro estacións, a muralla chi-

na, as pirámides de Exipto, o Canal de Panamá...⁷ o patrimonio que nos mostra Mariano Pietrini é diverso; Pietrini repara na cultura que o rodea, no amor, nos soños: no intanxible. Xunto con Salvatore, tamén repara no valor dos artesáns, que no momento no que se comeza a construír o parque estarían re-emprazándose.

Poderíamos dicir, que dalgún xeito os dous parques buscan aportarlle ó visitante as grandes faltas do momento histórico no que foron realizados: pola súa banda, o parque do pasatempo busca darlle cultura e ensinanza a unha sociedade que carecía dela, mentres que o parco Jalari busca que o visitante faga unha viaxe interna, reparando tanto en sí mesmo e nos valores que debe ter, así coma nas súas raíces.

É aquí onde se pode comprender o título do artigo, pois os parques pretenden explicarlle algo ó visitante, interactuar con él, de forma máis ou menos directa, polo que debemos concluír dicindo que a interacción co espectador é a principal similitude entre ambos parques. Xa sexa introducíndose nunha pedra con forma esférica para xogar co eco, como descubriendo os diferentes animais que

⁶ Para isto primeiro tiveron que culturizarse eles mesmos, buscando ser o turista ideal, formándose e descubriendo lugares novos por todo o planeta. Este proceso deixao por escrito Borondo no famoso libro *Memorias de un viaje improvisado* (MARIÑO ESPIÑEIRA, 1999: 442 - 443).

⁷ Véxase anexo do Parque do Pasatempo.



(Fig. 12) *Animais representados no Pasatempo.* <http://parquepasatiempo.blogspot.com/>

hai representados (fig. 12), ambos parques pretenden que a visita non sexa meramente contemplativa. Ambos teñen unha función acumulativa -no caso do Jalari nas botteghe e no Pasatempo recopilando copias das grandes obras do mundo-, polo que se lles podería atribuír a palabra “museo”. A pesar disto, realmente do que debemos falar é do cambio de paradigma de Thomas Kuhn, quen afirma que a ciencia non é unha acu-

mulación de simples feitos, é a produción de grandes ideas, que unha vez comprendidas, permítennos apreciar a realidade de forma diferente. A ciencia cambia o noso mundo. Eisner (2009: 18) afirma que as grandes obras de arte teñen un efecto similar, axúdannos a ver dun xeito diferente a cultura humana e precisamente isto é o que pretenden tanto o Parque do Pasatempo coma o Parco Museo Jalari.



BIBLIOGRAFÍA

ARCAY BARRAL, A. e TEIJEIRO MOSQUERA, D. (2018). “*Fontes documentais arredor dos García Naveira. Obras públicas do Parque do Pasatempo no Arquivo Municipal de Betanzos*”. En Casa dos Espellos, nº9. Pp: 84 - 99. Dispoñible en: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=6433813> [Consultado o 10/11/2018]

CABANO VÁZQUEZ, I., PATO IGLESIAS, M^a L., SOUSA JIMÉNEZ, X. (1986). “*El Pasatiempo (I): Un país de Oriente*”. En Anuario Brigantino, nº9. Concello de Betanzos, pp. 97-119. Disponible en: http://anuariobrigantino.betanzos.net/Ab1986PDF/1986%20097_118.pdf [Consultado o 9/11/2018]

CRISTELLI, Andrea: Entrevista realizada pola autora a Andrea Cristelli o 12 de novembro de 2018 en Barcellona Pozzo di Gotto, Sicilia, Italia.

-

EISNER, E. (2009), “*El museo como lugar para la educación*”, en I Congreso Internacional Los Museos en la Educación, Nº1, Pp. 12 - 21. Fundación Colección Thyssen Bornemisza, Madrid. Dispoñible en: https://imagenes.educathyssen.org/sites/default/files/document/2017-02/Actas_ICongreso.pdf [Consultado o 9/11/2018]

EPROJECTCONSULT, (n.d.). *Parco Museo Jalari. Cultura, etnografía y ambiente* [online], dispoñible en: <http://www.parcojalari.com/> [Consultado o 18/10/2018]

FLORAMO, Raquele: Entrevista realizada pola autora a Raquele o día 23 de setembro de 2018 en Barcellona Pozzo di Gotto, Sicilia. -

MARIÑO ESPÍÑEIRA, D. (1999) “*El turista ideal del Pasatiempo*”. En Anuario Brigantino, nº22. Concello de Betanzos, pp. 435 - 444. Disponible en: http://anuariobrigantino.betanzos.net/Ab1999PDF/1999%20435_444.pdf [Consultado o 9/11/2018]

MARIÑO ESPÍÑEIRA, D. (2003) “*Introducción a la narrativa del Pasatiempo*”. En Anuario Brigantino, nº26. Concello de Betanzos, pp. 411 - 442. Disponible en: http://anuariobrigantino.betanzos.net/Ab2003PDF/2003%20411_442Delfin.pdf [Consultado o 9/11/2018]

MARIÑO ESPÍÑEIRA, D. (1999) “*El Pasatiempo: pionerismo escénico del Jardín Temático*”. En Anuario Brigantino, nº22. Concello de Betanzos, pp. 445 - 456. Disponible en: http://anuariobrigantino.betanzos.net/Ab1999PDF/1999%20445_456.pdf [Consultado o 9/11/2018]

PARCO MUSEO JALARI: Folleto turístico do Parco Museo Jalari, EprojectConsult, Barcellona Pozzo di Gotto.

PIETRINI, Antonino: Entrevista realizada pola autora a Antonino Pietrini o 19 de Setembro de 2018 en Barcellona Pozzo di Gotto, Sicilia, Italia.

REY CABEZUDO, M. y CANEDO BARREIRO, M. (2016) "*Visitando "El Oriente"*". El Parque del Pasatiempo, una guía de viajes en cemento". En ALMARCHA NUÑEZ-HERRADOR, E., MARTÍNEZ-BURGOS GARCÍA, P., SAIN MAGAÑA, M.E. (dir. Congr.) *El Greco en su IV Centenario: Patrimonio hispánico y diálogo intercultural*. Universidad de Castilla - La Mancha, pp. 591 - 608. Disponible en: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=5640433> [Consultado o 6/10/2018]

TEIJEIRO MOSQUERA, D. (2018) "*Arte no Pasatempo de Betanzos: Un temple de catálogo*", en *Casa dos Espellos*, Nº1. Pp. 54-73. Disponible en: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=6433811> [Consultado o 10/11/2018]

TORRE, E. (2017). Mariano Pietrini [online], disponible en: <http://www.marianopietrini.it/> [Consultado o 18/10/2018]



ANEXO: PARTES DO PARCO MUSEO JALARI E DO PARQUE DO PASATEMPO

PARCO MUSEO JALARI

A Il Giardino delle Muse - O xardín da Musa

- A.1. La creatività - A creatividade
- A. 2. La pittura - a pintura
- A. 3. La poesía - A poesía
- A. 4. L'Arquitectura - A Arquitectura
- A. 5. Il pensiero - O pensamento
- A. 6. La Scultura - A escultura
- A. 7. La Musica - A música
- A. 8. Il sogno - O soño
- A. 9. Le sfaccettature dell' arte - As facetas da arte

B. Piazza degli incontri - Praza do encontro

- B.1. Il desiderio del Piacere - O desexo de pracer
- B. 2. L'Unione - A Unión
- B. 3. L'Amore Universale - o amor universal
- B. 5. La Speranza - A esperanza
- B. 6. Uccelli - Os páxaros
- B. 7. Il sogno della Libertà - O soño da liberdade
- B. 8. Ucelli - Aves
- B. 9. N° 11 Fontane con maschere e vaschette - Fontes con máscaras e cubas

C. Viale della confusione - Avenida da confusión

- C. 1. A Sicilia - En sicilia
- C. 2. Il Lavoro - O traballo
- C. 3. L' Onestà - A Honestidade
- C. 4. Colpesce - Cola de peixe
- C. 5. La Saggezza - A sabiduría
- C. 6. Ajax

D. Viale della Riflessione e di ripensamenti - Avenida da reflexión

- D. 1. Fontana Lui Lei - Fonte é ela: él
- D. 2. Lei - Ela
- D. 3. Tre vaschette di pietra
- D. 4. Le grande Madre Terra - A grande nai terra
- D. 5. La smorfia
- D. 6. La famiglia
- D. 7. Pinocchio - Pinocho
- D. 8. Amanti - Amantes
- D. 9. L' Amore - O amor

E. Sala Convegna

F. Viale della Riscoperta dei Valori - Avenida do descubrimento dos valores

- F. 1. Il Pensiero - O pensamento
- F. 2. Il Male e il Bene - O mal e o ben

F. 3. L'Equilibrio - O equilibrio

F. 4. Credere nelle nascite - Crer no nacemento

F. 5. L' Ingordigia - A codicia

F. 6. Inno alla Vita - Himno á vida, en memoria dun amigo

F. 7. Don Peppi

F. 8. La vergine Luccicante - A virxe brillante

F. 9. la Ninfa - A ninfa

G. Piazza Olimpo degli Dei - Praza Olimpo dos deuses

G. 1. U Spiritaru

G. 2. La Verità

G. 3. Fontana Olimpe Degli Dei:

- Giove - Xúpiter
- Cerere - Ceres
- Eolo
- Calliope
- Tersicore - Terpsichore
- Urania
- Clio
- Mercurio
- Bacco - Baco

H. Viale del dolore e della speranza

I. Viale dell'amore

I.1. Fratellanza - Fraternidad

I. 2. Tenerezza - Ternura

I. 3. Amalgama

I. 4. Sublimazione - Sublimación

J. Viale della vita

J. 1. Nettuno - Neptuno

J. 2. Vulcano

J. 3. Polifemo

J. 4. Stromboli

J. 5. Longani

J. 6. Tindara

K. Piazza della genesi

K. 1. Uccelli - Pájaros

K. 2. Genesi - Génesis

L. Viale della contemplazione

M. La chiesa arcaica

N. Viale dell' energia

O. Viale del tempo

P. Il pietrarium

Q. Viale dei sogni

R. Viale della creatività

S. Piazza defli artigiani

S.1. Fuochi Fatui (once esculturas pequenas)

T. Viale dell'urlo e della contestazione

T. 1. U carritteri

T. 2. L'Urlo

U. Piazza delle erbe

V. Viale degli innamorati

W. Terraza sull'infinito

X. Piazza aromi e sapori

X. 1. L' Accidia – A Avaricia

X. 2. La Confusione – A confusión

X. 3. 4. L'Ira – A ira

X. 4. Il piacere – O pracer

X. 5. L'Invidia e il pentimento – Envidia e arrepentimento

X. 6. L'Evanescenza e la Preghiera – Evanescencia e oración

X. 7. La Beffa e il Sole - “La Beffa” e o sol

X. 8. La Lussurie e L'Amor – Luxuria e amor

X. 9. I Golosi – Os glotóns




Mapa Parco Jalari con partes. Folleto turístico do Parco Museo Jalari.



Xardíns temáticos ou arte interactiva? O Parco Museo Jalari e o Parque do Pasatempo | Sara Fraga Pérez

PARQUE DO PASATEMPO

1. Lagar
2. Homenaxe a Argentina
3. Horas do mundo
4. Fonte de cupido
5. Relevo do buzo, os tesouros e os perigos do mar. Espazo de descanso. Estacion do funicular
6. Estanque de Salomón
7. Sentencia de Xesús
8. Relevo das relixións
9. Muro azulexos
10. Fontes
11. A liberdade
12. A república
13. Fuente da agricultura
14. España Monárquica e as suas 18 fillas republicanas
14. 1. A Virxe María en Matariyah
14. 2. Escea dun duelo
14. 3. Sacrificio de Tupac Amaru II
14. 4. A última oración dos mártires cristianos
14. 5. A paz polo arbitraje
14. 6. Santa Isabel de Hungría curando tiñosos
14. 7. Fusilamiento de Torrijos e os sus compañeiros nas praias de Málaga
15. Fontes
16. Relevos
17. Friso dos animais
18. Fontes dos animais
19. Estanque do retiro
19. 1. Árbore da Virxe
19. 2. Árbore de Guernica
19. 3. Dirixible
- 19.4. Vehículos antropomórficos
- 19.5. Gruta do Retiro
- 19.6. Illa e Templete
20. Fonte Wallace
21. Ninfas
22. Invernadoiro de Arriba
23. Boca de Hades ou do inferno
24. Estanque da Gruta
25. Fonte do Pescador
26. Gruta da Recoleta
27. Mirador
28. Árbore Xenealóxico do capital
29. Escultura de Eros e Psique
30. Escudos de Arxentina e Betanzos
31. Pedestais
32. Muralla china
- 33 Viaxes a egipto
34. Mequita de Mohamed - Ali
35. Canal de Panamá
36. León Colosal
37. Colosos en pedra
38. Mirador chinesco
39. Estatua da xustiza
40. Estatua de monxa do asilo con neno



Mapa Parque do Pasatempo con partes. Jose Souto.



NORMAS DE PUBLICACIÓN

TEMA

Casa dos Espellos: Revista poliédrica da cultura galega é unha revista anual de Arqueoloxía, Historia, Historia da Arte, Antropoloxía e Literatura, podendo admitir outras temáticas segundo o criterio do seu Comité Científico.

TRABALLOS

Publicaranse traballos orixinais e inéditos, podendo reeditar traballos que contén un interese especial para a nosa temática. Non se aceptarán para a súa valoración traballos que foran publicados noutros medios ou estean en proceso de ser aceptados para outra publicación.

PRESENTACIÓN

Os traballos serán presentados por correo electrónico dentro do proceso de recepción de orixinais.

IDIOMAS

Os idiomas dos traballos poderán ser: galego, castelán, portugués e inglés.

FORMATO

A extensión máxima será de 10 follas sen ter en conta as imaxes. Entregarase unha copia formato Word ou Open Office, cunha letra Times New Roman a tamaño 12 e cun interlineado de 1,5. As notas ao pé terán un tamaño 10 e interlineado sinxelo. O sistema de citas será o Estilo Harvard, presentando as referencias completas ao final do texto.

O inicio do traballo debe contar cun título, un breve resúmen e cinco palabras clave que definan o traballo, no idioma do texto e a súa respectiva tradución ao inglés.

Noutro documento a parte, deberán aparecer os datos do autor: nome completo, correo electrónico, filiación profesional e unha breve descripción biográfica acompañada dunha imaxe para ser engadida ao apartado de “Colaboradores” da nosa web.

A Bibliografía aparecerá ao final do texto, ordenada alfabeticamente por autores e dentro de cada autor seguirá unha orde cronolóxica. Exemplos:

- Para libros: APELIDOS, Nome (Ano). Título. Lugar de edición, Editorial.
- Para artigos: APELIDOS, Nome (Ano). “Título do artigo”. En Título da Revista, número. Lugar de edición, Editorial, Páxinas.
- Para capítulo: APELIDOS, Nome (Ano). “Título do capítulo”. En APELIDOS, Nome. Título do libro. Lugar de edición, Editorial, Páxinas.
- Para notas de prensa: Título da publicación, data, número, páxina. *Título da nota ou da imaxe.*
- Para fotografías: APELIDOS, Nome (Ano). *Título da fotografía.* Medidas. Fondo.
- Para cuadros: APELIDOS, Nome (Ano). *Título da obra.* Material, medidas. Fondo.

IMAXES

As imaxes empregadas serán de autoría propia, estarán suxeitas a Creative Commons ou virán acompañadas do consentimento do autor para a súa publicación, no caso de ser un terceiro. O formato preferido será TIFF e a resolución mínima esixida será de 300ppp. De non contar ca resolución óptima poden ser desbotadas do artigo.

Non aparecerán no texto, senón que virán adxuntas no correo electrónico, cunha sinalización numérica (Fig. 1, Fig. 2, etc.) no traballo para que o equipo de deseño coñeza a súa disposición.

DIFUSIÓN

Todos os traballos presentados estarán dispoñibles en plataformas de acceso libre

DEREITOS

Os autores sempre serán os responsables legais dos seus textos. Non se poderá esixir ningún tipo de remuneración económica.

REVISIÓN

Será decisión do Comité Científico consultado, a publicación definitiva de cada traballo, tratando sempre de corrixir xunto co autor todos aqueles erros que sexan advertidos.

Os artigos de investigación estarán avaliados por dous expertos externos á Revista, mediante un sistema de dobre cego, sendo anónimo o proceso tanto para o autor coma para quen o avalíe.

A revista comprométese a adoptar unha decisión sobre a publicación de orixinais nun prazo de seis meses, reservándose o dereito de publicación nun prazo dun ano, dependendo sempre das necesidades da revista.

Casa dos Espellos contactará cos avaliadores aos que lles remitirá unha copia do texto sen indicio directo da identidade do autor e un modelo de informe no que se poida avaliar o contido do artigo, os aspectos formais, a calidade do texto, a clasificación tipolóxica no que deberemos encadralo e un veredicto no que se aconselle ou non a súa publicación ou a súa corrección. Estes datos poden ser enviados ao autor, tamén de forma anónima para o seu coñecemento e para favorecer as eventuais modificacións.

CORRECCIÓN

Casa dos Espellos conta cun Comité de Redacción que revisará todos os textos e poderá propoñer modificacións nos mesmos aos autores, que disporán dun prazo máximo de dúas semanas para solventar os erros indicados. Non se permitirán cambios sustanciais do texto entregado.

— O feito de participar na revista, garante a aceptación e o cumprimento destas normas —



